

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA (CEIDA) PARA A POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA "A XESTIÓN DE RESIDUOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA: A COMPOSTAXE (FASE IV)".

En Pontevedra, a 22 de marzo de 2019

REUNIDOS

D. César Mosquera Lorenzo, Vicepresidente da Deputación da Provincial de Pontevedra (CIF P-3600000-H) en virtude das atribucións que lle confire o artigo 35.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril,, reguladora das bases de réxime local.

D. Carlos Vales Vázquez, director xerente do Centro de Extensión e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA), con CIF 15653298.

E dando fe do acto, D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra.

Actuando ambos os dous no exercicio dos seus respectivos cargos, na representación que exercen e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento,

EXPOÑEN

Primeiro. As obrigas legais fixadas en diversos textos normativos de aproveitamento dos restos orgánicos dos residuos municipais están moi lonxe de poder cumprirse nas datas fixadas de manterse inmóbil a situación actual. O obxectivo de compostar, ao menos, o 25% da fracción orgánica antes do 2020 non se poderá acadar senón se dan xa pasos firmes e decididos nesta dirección.

Para revertir esta situación a Deputación Provincial de Pontevedra está a potenciar a compostaxe- en colaboración cos concellos- a través do seu Plan Revitaliza no que aposta, basicamente, polos Compostadores Individuais (en adiante COIN), os Centros de Compostaxe Comunitaria (en adiante CCC) e as Plantas Comarcais de Compostaxe (PCC)

Ademais, para consolidar o REVITALIZA, a Deputación puxo en marcha unha serie de axudas que permitirán aos Concellos facer fronte aos sobre-custos derivados da súa posta en marcha no período de tránsito do actual sistema de recollida e tratamento ao novo sistema baseado na compostaxe, sendo 42 os Concellos adheridos á liña 1, que lles permitirá dispoñer dun plan de residuos individualizado, e 13 os que presentaron solicitude para a liña 2, que ten por obxecto subvencionar a adquisición dos COIN, CCC e demais material complementario (remolques, camións, trituradoras etc..).

Segundo. En relación aos CCC a Deputación xa ten instalados en 26 concellos da provincia un total de 76 con 538 Unidades Modulares de Compostaxe (en adiante UMC), con capacidades unitarias para tratar a FORM producida por entre 60 e 300 persoas, que funcionan perfectamente e contan con todos os parabéns das veciñas e veciños que participan no proceso.

En canto aos COIN, a Administración Provincial está traballando para ter instalados na primeira metade do 2019 un importante número deles nos 13 concellos desta provincia que presentaron solicitude para a Liña 2, cunha aposta clara pola colaboración cos concellos para a posta en marcha dun ambicioso plan de compostaxe individual que virá a complementar a actividade dos centros de compostaxe comunitaria e das futuras plantas de compostaxe comarcais.

Sen embargo, para que a implantación do novo sistema de tratamento de residuos baseado na compostaxe sexa óptima, é preciso que a poboación entenda a necesidade de separar correctamente a materia orgánica do lixo para reducir os elevados custes da súa recollida e tratamento, sendo necesario por en marcha unha serie de programas de educación ambiental dirixidos a concienciar á comunidade da problemática dos residuos contando coa colaboración das distintas Administracións e outros Organismos .

Terceiro. En relación co anterior, o CEIDA ten a configuración xurídica dun Consorcio do que forman parte a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros.

Os fins do CEIDA son a información, formación e educación ambiental e a extensión universitaria, para o que desenvolve, entre outras, as seguintes actividades:

- Establecer un sistema de recollida de información ambiental co fin de crear un fondo documental e un banco de datos medioambientais que permita difundir todo tipo de información
- Fomentar a formación ambiental a todos os niveis, tanto a especialistas, técnicos e profesionais de diversos colectivos, como público en xeral
- Complementar as actividades desenvoltas por outras Administracións nas materias sinaladas

Neste último aspecto, o CEIDA ten entre os seus proxectos o denominado "**A xestión dos residuos na Provincia de Pontevedra: a compostaxe**", que está dirixido preferentemente a tódolos nenos e nenas de primaria e secundaria da provincia.

Os programas educativos desenvoltos durante os anos 2016-2017 complementáronse cun novo programa no 2018 no que se incluía, ademais de actividades de seguimento e asesoramento documental dos centros educativos implicados no proxecto, a elaboración dun duplicado da exposición realizada e a súa itinerancia polos centros xunto cun programa de actividades divulgativas. Tamén celebrouse o *II Congreso de Educación Ambiental para os centros de ensino da provincia de Pontevedra*, que tivo lugar o 29 de maio de 2018, no Pazo da Cultura de Pontevedra.

Vendo o éxito acadado durante os anos anteriores, considerase necesario desenvolver un novo programa para o ano 2019 que ten como obxectivo involucrar a todos os centros educativos da provincia dos niveis de educación infantil, primaria e secundaria e conseguir a súa implicación na elaboración de proxectos innovadores que poidan presentar no vindeiro Congreso Escolar, así como a presentación doutros exemplos de éxito levados a cabo en centros educativos da Comunidade Autónoma, acompañado dunha formación específica tamén para o profesorado, a realización de actividades educativas sobre a compostaxe e a celebración dun seminario internacional sobre a xestión dos residuos.

En virtude das consideracións anteriores, a institución provincial e o CEIDA acordan subscribir este Convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

Este convenio ten como obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o CEIDA para a posta en marcha do programa de educación, formación e divulgación **"A xestión de residuos na provincia de Pontevedra: a compostaxe (Fase IV)"**.

Segunda. Obrigas do CEIDA

O CEIDA comprométese, mediante este convenio, a levar a cabo o programa de educación, formación e divulgación **"A xestión de residuos na provincia de Pontevedra: a compostaxe (Fase IV)"**, segundo se detalla a continuación:

a) Coordinación e seguimento individualizado do programa educativo

O equipo de educadores/as ambientais do CEIDA contactará cos centros educativos da provincia de Pontevedra para asesoralos nos proxectos de investigación que levan a cabo en materia de compostaxe, separación do lixo doméstico e redución de residuos.

Manterase un contacto directo e continuo cos centros educativos participantes co obxectivo de facer o seguimento dos proxectos e de apoialos no seu desenvolvemento. Ademais do asesoramento telefónico e por correo electrónico, concertaranse reunións de seguimento nos centros para facilitar a resolución de dúbidas sobre a orientación e desenvolvemento dos proxectos en cada centro.


b) Organización do III Congreso de Educación Ambiental para os centros de ensino da provincia de Pontevedra.

A organización deste novo Congreso realizarase co fin de fomentar na sociedade a necesidade de colaborar na redución e correcta separación do lixo doméstico, canalizando as mensaxes que os rapaces e rapazas da provincia de Pontevedra farán a través dos seus proxectos de investigación.

Nesta terceira edición do Congreso terá como aspecto innovador a presentación de experiencias levadas a cabo non só na provincia de Pontevedra, senón tamén de toda a Comunidade Autónoma.

A organización deste *III Congreso de Educación Ambiental para os centros de ensino da provincia de Pontevedra* incluírá as seguintes actuacións:

- 1) Elección das datas e do lugar de celebración do Congreso.
- 2) Organización do transporte dos centros.
- 3) Contacto cos centros participantes.
- 4) Deseño e impresión de material divulgativo e de agasallo.
- 5) Elaboración de diplomas para o alumnado e o profesorado.
- 6) Avaliación do Congreso.



c) Formación do profesorado

Esta actividade está dirixida ao profesorado de ensino primario e secundario. Consistirá na realización dunha xornada formativa que terá unha duración aproximada de 3 horas nas que intentará o achegamento por parte do profesores ao tema da compostaxe e o seu aproveitamento coma recurso didáctico.

Tamén se contempla dentro desta acción o asesoramento documental para o profesorado. Este asesoramento farase a través do Centro de Documentación Domingo Quiroga, único centro especializado en medio ambiente de Galicia, sendo as súas principais áreas temáticas a Educación Ambiental, a Conservación e o Desenvolvemento Sustentable.



d) Programa de divulgación: Exposición Itinerante e obradoiros asociados

Os centros participantes no Programa terán a súa disposición unha exposición itinerante sobre compostaxe.

Durante o ano 2019 estarán dispoñibles tres copias para ofertar aos centros educativos. Esta mostra de nove paneis, busca sensibilizar sobre a problemática dos residuos informando dos distintos modelos de xestión dos mesmos con especial énfase na

compostaxe da fracción orgánica. Así mesmo, da a coñecer o Plan Revitaliza e a importancia da participación da cidadanía para o éxito desta iniciativa.

e) Realización de actividades educativas sobre compostaxe

Un dos obxectivos deste proxecto é dar a coñecer o Plan Revitaliza nos centros educativos de toda a provincia, polo que ofertaráselle un programa de educación Ambiental que inclúa as seguintes actividades didácticas:

- **Charla-coloquio: a voltas coa compostaxe,**
- **Xogos sobre residuos**
- **Poñendo en marcha o composteiro**
- **Quen vive aí?**
- **Visita a un centro de compostaxe comunitaria.**

f) Seminario Internacional sobre a xestión de residuos

O Plan REVITALIZA promove un modelo de xestión que é apreciado tanto pola Comisión Europea, como por observadores de Xapón, Brasil, Timor Leste, Illa do Príncipe...por este motivo propónse a celebración do **Foro dos 5 continentes**, no que se presentará o programa e os resultados obtidos ata o de agora e daranse a coñecer os modelos de xestión existentes nos países convidados así como exemplos de boas prácticas alí desenvolvidos.

O Seminario, aínda que estará aberto a toda a cidadanía, terá como destinatarios/as prioritarios os seguintes colectivos:

- **Técnicos/as de distintas administracións locais vinculados á planificación e xestión municipal.**
- **Responsables de medio ambiente e da xestión dos residuos das entidades locais.**
- **Actores implicados na xestión dos residuos sólidos urbanos.**

O persoal do CEIDA encargárase de todos os aspectos da organización da actividade que inclúen:

- Deseño do programa en colaboración co persoal da Deputación de Pontevedra
- Contacto cos relatores
- Xestión de viaxes, aloxamento e manutención dos relatores da xornada
- Coordinación do deseño de elementos divulgativos
- Divulgación da actividade

g) Plan de comunicación

Todas as accións incluídas no programa terán unha ampla difusión en redes sociais a través de unha importante estratexia de divulgación que permita dar maior visibilidade ás actividades nestes medios.

Así, farase uso das diferentes canles de difusión que o propio CEIDA posúe (Facebook, Twitter, Youtube...), co obxectivo de facer chegar diferentes formatos e contidos (imaxes, vídeos, artigos, etc.) ao maior número de destinatarios posibles, e compartindo toda a información con outras institucións relacionadas co ámbito de actuación do CEIDA ou entes colaboradores.

Todos os contidos difundidos a través das redes sociais se unificarán a través de hashtags, de forma que se poidan seguir todas as noticias relacionadas co programa a través dunha mesma etiqueta. Este monitoreo a través de hashtags é fundamental en redes sociais, dada a inmensa cantidade de entradas que se publican diariamente, permitíranos medir o rendemento e a posible participación no programa, conseguindo así un maior alcance, visibilidade e repercusión de todas as comunicacións nas diferentes plataformas sociais.

Terceira. Orzamento de gastos da actividade que realizará o CEIDA.

O CEIDA desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento que xa inclúe o IVE:

ACCIÓN	IMPORTE €
Coordinación e seguimento individualizado do programa educativo	17.000,00
Organización do III Congreso Escolar sobre compostaxe	34.000,00
Formación do profesorado	22.000,00
Programa de divulgación: exposición itinerante e obradoiros asociados	22.000,00
Realización de actividades educativas sobre compostaxe	22.000,00
Seminario Internacional sobre a xestión de residuos	25.000,00
Plan de comunicación	5.000,00
TOTAIS	150.000,00 € (IVE incluído)

Cuarta. Financiamento da actividade


1. A Deputación financiará o programa de educación, formación e divulgación “**A xestión de residuos na provincia de Pontevedra: a compostaxe (Fase IV)**”, cunha achega máxima de **150.000,00 €**, con cargo á aplicación **19/923.1623.453.90** do vixente Orzamento provincial.


2. A subvención da institución provincial é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CEIDA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

3. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado minorarase a achega provincial no importe necesario para cumprir estritamente o apartado anterior.

Quinta. Pagamento da actividade

O organismo provincial comprométese a librar os fondos establecidos na cláusula anterior da seguinte forma e nos seguintes prazos:

- 
1. O 30 % do orzamento, 45.000,00 euros, no prazo de 10 días hábiles desde a sinatura do Convenio de colaboración.
 2. O 70 % restante, 105.000,00 euros, seralle aboado ao CEIDA unha vez que se presente a seguinte documentación:

- 
- Memoria de actuación, subscrita pola persoa representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. A axuda concédese para colaborar na execución das actividades citadas e non se poderá cambiar o seu destino nin a cantidade.
 - Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo (identificando: acredor e documento, importe, data de emisión e, no seu caso, as datas de pagamento; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula terceira). Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2019.

- Xustificación con facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo dos custos ou gastos debidamente conformadas (co "Recibín" da persoa beneficiaria da subvención e o selo do acredor; este último se fose posible), polo importe da subvención concedida. O pago das facturas que figuren na conta xustificativa deberá efectuarse no prazo máximo de un mes dende a percepción dos fondos e realizarse preferentemente a través de entidades financeiras, sendo obrigatorio, en todo caso, cando o importe de cada factura supere os 900 euros.
- Declaración responsable de que os gastos que figuran na conta xustificativa se aplicaron á finalidade subvencionada. Así mesmo, indicárase que o resto de xustificantes da conta se encontran no domicilio da persoa beneficiaria a disposición da Deputación para o seu exame.
- Deberá acreditar que non está incurso en ningunha causa de prohibición para percibir axudas ou subvencións públicas ou para contratar, mediante declaración responsable asinada pola súa persoa representante, e presentar ou autorizar a institución provincial para que obteña as certificacións de Facenda do Estado e da Tesourería Xeral da Seguridade Social de que a entidade que representa está ao corrente nas súas obrigas tributarias
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Certificación da conta bancaria
- Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula sétima mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial

Sexta. Contratación da execución

O outorgamento dos contratos de servizos, asistencias ou subministración necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao CEIDA.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao CEIDA nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

Sétima. Publicidade do financiamento provincial

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou Internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga por parte do CEIDA.

Oitava. Conclusión da realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento por parte do organismo provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas a 31 de decembro de 2019.

2. Unha vez rematadas as actividades o CEIDA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula quinta antes do 31 de marzo de 2020.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da LXS (Real decreto 887/2006, de 21 de xullo), transcorrido este último prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao CEIDA para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e as demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación

aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CEIDA da sanción que, de conformidade co disposto na LXS e na Base 25 (13 a 15) das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CEIDA na documentación achegada.

De transcorreren máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, o CEIDA terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

Novena. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1. O CEIDA deberá acreditar, antes da sinatura deste convenio e, despois, antes do pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social. Para tal fin poderá autorizar a Deputación para que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación determinaraas de oficio esta institución.

Décima. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da LXS, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), o CEIDA poderá ser requirido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención outorgada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón este Convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CEIDA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leve a cabo o

Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuzamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

Décimo primeira. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas neste convenio de colaboración poderá significar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, e na súa tramitación, de conformidade co disposto na base 25.14 das de execución do Orzamento da Deputación, seguirase o disposto nos artigos 36 a 43 da LXS e nos artigos 91 a 101 seguintes do seu Regulamento (R. d. 887/2006, de 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, este incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na LXS ou na LSG, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

Décimo segunda. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. Cumprindo o disposto no artigo 20.1 da LXS e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CEIDA serán remitidos á Intervención xeral do Estado para que se incorporen á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista nese precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da LSG, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da LXS a concesión da subvención ao CEIDA será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na páxina www.depo.gal.

4.- Así mesmo, os datos do convenio proposto foron incorporados no rexistro provincial de convenios (CIVIDAS) ós efectos do cumprimento das obrigas de comunicación ó Tribunal de Contas, en aplicación do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e a súa normativa de desenvolvemento (Instrución do Tribunal de Contas- Resolución de 2 de decembro de 2016).

Décimo terceira. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. A vixencia deste convenio establécese desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019, sen prexuízo de que ao abeiro deste Convenio financiaranse os gastos nos que incorra o CEIDA para o desenvolvemento do programa obxecto de subvención desde o 1 de xaneiro de 2019.

2. Previa solicitude do CEIDA, realizada polo menos un mes antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. O convenio poderá ser tamén obxecto de modificación por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior.

Décimo cuarta. Natureza, seguimento dos traballos, interpretación e resolución de dúbidas.

1.- Para avaliar o desenvolvemento do presente convenio de colaboración, de natureza administrativa, constituirase unha comisión de seguimento composta por dous representantes de cada institución asinante, actuando como Presidente da mesma un dos representantes da Deputación. Esta comisión encargarse do seguimento das actuacións e avaliación dos resultados e desenvolverase durante toda a duración do convenio de xeito continuado.

2.- A comisión ditará as súas propias normas internas de funcionamento, reunirse cando o solicite algunha das partes e, en todo caso, como mínimo unha vez ao ano; ostentará a prerrogativa da interpretación e resolución de cantas dúbidas e controversias xurdan na aplicación do convenio.

Décimo quinta. Resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por denuncia unilateral con preaviso de dous meses ou por mutuo acordo.
- b) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- c) Polo vencemento do prazo de vixencia.
- d) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute e/ou xustifique a realización do obxecto da subvención nos termos establecidos neste convenio.
- e) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio

En proba de conformidade asinan por triplicado este convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O Vicepresidente da Deputación de
Pontevedra


César Mosquera Lorenzo

O Director Xerente do CEIDA

Carlos Vales Vázquez

O Secretario Xeral da
Deputación de Pontevedra

Carlos Cuadrado Romay



1. The first part of the document discusses the importance of maintaining accurate records of all transactions.

2. It is essential to ensure that all data is entered correctly and consistently.

3. Regular audits should be conducted to verify the accuracy of the information.

4. The second part of the document outlines the procedures for handling discrepancies.

5. Any errors identified during the audit process should be reported immediately.

6. Steps should be taken to correct the errors and prevent them from recurring.

7. Finally, it is recommended that all staff receive training on proper record-keeping practices.